

# 4

## Sectores produtivos

O estudio dos sectores produtivos da área funcional de Santiago realiza abordando, en primeiro lugar, a análise do panorama xeral da área funcional para, posteriormente, tratar por separado cada un dos catro sectores en que se divide a producción: sector primario e industrias relacionadas, sector industrial, construcción e servizos.

Esta análise baséase fundamentalmente nos datos facilitados polo Directorio de empresas (Dirce), polo servizo de información Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, polo *Informe económico-financiero y de la competitividad. Galicia 2006* de Ardán e no *Anuario de estatística agraria* da Consellería do Medio Ambiente.

É importante ter en conta que a información recollida polo servizo de información Ardán no seu informe sobre as actividades empresariais ten unha limitación de alcance ao referirse exclusivamente a empresas cun volume de facturación no ano 2004 superior a 30.000 euros e das que están dispoñibles datos polo menos de dous anos consecutivos, de xeito que se están a tratar só as firmas máis importantes e con domicilio social no interior da área funcional.

A través desa información descríbese a evolución en termos competitivos das empresas da área funcional mediante as principais variables económicas e financeiras de contido estratégico durante os anos 2003 e 2004, facendo fincapé nos aspectos da súa rendibilidade e a súa produtividade.

### Panorama xeral

O Directorio de empresas de Galicia (**adro 4.1.**) contabiliza un total de 8.634 empresas no conxunto da área funcional de Santiago, o que supón o 32% do total provincia de A Coruña, así como o 13,1% do conxunto de Galicia. O 52,3% das empresas da área funcional localízanse na comarca de Santiago, seguida da comarca do Barbanza, onde están situadas o 15,2% das devanditas 8.634 empresas.

Atendendo á distribución segundo a súa condición xurídica, das 8.634 empresas consideradas polo Directorio de empresas 2004 na área funcional de Santiago, 6.073, o 70,3% das empresas, corresponde con “sociedades de responsabilidade limitada”, o 5,2% con “sociedades anónimas, o 1,9% son “sociedades cooperativas” e o 22,5% son empresas incluídas dentro da categoría de “outros”. Na provincia de A Coruña, estas porcentaxes son do 70,7%, 6,4%, 1,6% e 21,3%, respectivamente (**anexo 4.1.**).

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

Empresas na área funcional de Santiago 2004: distribución segundo actividade e comarca (1)

	Ariúa	Barbanza	Barcala	Muros	Noia	Ordes	Santiago	O Sar	Terra de Melide	Xallas	Total área funcional	A Coruña	Total Galicia	
Industrias extractivas	-	2	-	-	1	3	8	1	1	1	17	56	346	
Extracción de produtos energéticos	-	2	-	-	1	3	8	1	1	1	17	2	3	
Extracción doutros minerais ágás produtos enerxéticos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	54	54	343	
Industrias manufactureiras	55	166	24	31	82	123	476	84	39	40	1.120	3.257	8.446	
Industrias da alimentación, bebidas e tabaco	13	50	4	8	21	8	53	13	8	7	185	459	1.399	
Industria téxtil e da confección	12	17	6	8	4	55	59	8	16	1	186	544	1.007	
Industria do conxo e do calzado	2	-	-	-	-	-	-	2	-	4	11	4	26	
Industria da madeira e da contiza	11	20	1	4	16	8	46	8	6	-	120	319	947	
Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados	-	9	1	-	5	6	108	4	-	1	134	382	788	
Cocuerías, refinado de petróleo e tratamento de combustíbeis nucleares	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Industria química	1	5	-	-	-	-	-	8	1	1	-	16	46	
Fabricación de produtos de caucho o materias plásticas	1	9	1	3	6	9	28	1	6	-	12	51	112	
Fabricación decaudos de materiais non metálicos	4	9	1	3	6	9	20	79	6	2	11	79	216	
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	7	23	6	5	16	20	79	25	4	13	188	551	1.539	
Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico	-	5	-	-	1	5	17	2	-	3	33	136	344	
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	-	1	-	-	1	-	15	-	-	-	17	71	155	
Fabricación de material de transporte	4	9	5	2	6	6	1	7	2	1	34	136	431	
Industrias manufactureras diversas	-	-	-	-	-	-	9	55	7	2	3	102	335	724
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	1	5	1	1	2	-	23	1	2	1	37	183	109	
Construcción	72	253	40	35	135	189	621	74	38	52	1.589	4.512	11.432	
Servizos	172	885	122	75	317	400	3.399	262	170	149	5.951	18.979	45.781	
Comercio, reparación de Vehículos de motor, motocicletas ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico	77	428	61	39	154	173	1.184	143	81	70	2.410	7.419	19.060	
Hostalería	27	122	12	13	35	53	395	29	28	19	733	2.066	5.123	
Transporte, almacenamento e comunicacóns	18	64	7	3	9	39	162	21	16	9	348	1.081	2.852	
Intermediación financeira	3	7	3	3	4	7	44	7	4	7	89	321	782	
Actividades imobiliarias e de alquiler, servizos empresariais	25	157	21	8	68	72	982	43	29	32	1.437	5.217	11.384	
Educación	5	30	4	1	12	5	154	4	1	2	218	547	1.257	
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	7	18	3	2	13	13	129	3	1	2	191	621	1.447	
Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	10	59	11	6	22	38	349	12	10	8	525	1.707	3.896	
<b>Total</b>	<b>300</b>	<b>1.311</b>	<b>187</b>	<b>142</b>	<b>537</b>	<b>715</b>	<b>4.527</b>	<b>422</b>	<b>250</b>	<b>243</b>	<b>8.634</b>	<b>26.987</b>	<b>66.114</b>	

**Cadro 4.1.**

(1) O Dicre cubre todas as actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Dirección de empresas de Galicia

Do total de empresas contabilizadas na área funcional de Santiago, o 27,9% das mesmas son empresas enmarcadas dentro da actividade de “Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico”. A nivel comarcal, o 49,1% das empresas desta actividade están localizadas na comarca de Santiago, con 1.184 empresas (**adro 4.1.**).

As empresas incluídas dentro da actividade de construcción ocupan o segundo lugar en importancia en canto ao número de empresas se refire. Esta actividade acolle a 1.509 empresas (o 17,5% do total de empresas da área obxecto de estudio), das que o 41,1% das mesmas están localizadas na comarca de Santiago, con 621 empresas, seguida pola comarca do Barbanza, con 253 empresas construtoras.

A continuación destacan polo número de empresas as “Actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais”, co 16,6% das empresas da área funcional. A nivel comarcal, segue sendo na comarca de Santiago onde se localizan un maior número de empresas, 982, que supoñen o 68,3% do total da área funcional, seguida en número pola comarca do Barbanza, con 157 empresas.

En cuarto lugar, salienta polo número de empresas as actividades de Hostalería, co 8,5% do total de empresas da área funcional de Santiago, destacando a comarca de Santiago, con 395 empresas nesta actividade, o que supón o 53,9% do total da área funcional.

Finalmente, cómpre facer referencia ás industrias manufactureiras, que supoñen o 13% do total de empresas da área considerada. Dentro das mesmas cabe destaca-las empresas de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, con 198 empresas, o 17,7% do total de industrias manufactureiras da área funcional, seguidas da industria téxtil e da confección, con 186 empresas, o 16,6% do total das empresas manufactureiras, das da alimentación, bebidas e tabaco, con 185 empresas, o 16,5% do total das industrias manufactureiras da área analizada, e, para rematar, das “Industrias do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, que, con 134 empresas, supoñen o 12% do total.

A comarca de Santiago é onde se localizan un maior número de empresas. Dentro da mesma destaca polo número de empresas o concello de Santiago de Compostela, onde están localizadas 3.360 empresas, o que representa o 74,2% do total de empresas da comarca e o 38,9% do total de empresas da área funcional. Analizando as distintas actividades empresariais (**adro 4.2.**), obsérvase como o concello de Santiago de Compostela é o máis importante en canto ao seu número en cada unha das actividades.

A distribución das empresas segundo o estrato de asalariados, analizada no **adro 4.3.**, mostra como das 8.634 empresas recollidas no Dirce, dentro da área funcional de Santiago, o 99,8% son pequenas ou medianas empresas, existindo só 13 empresas catalogadas como grandes empresas, das que 9 teñen entre 250 e 499 asalariados e 4 teñen máis de 500 asalariados, estando localizadas dúas na comarca de Santiago e outras dúas na comarca do Barbanza.

Dentro das pequenas e medianas empresas, predominan as denominadas microempresas, as que posúen menos de 9 asalariados, existindo na área funcional 7.522 microempresas, o que representa o 87,2% do total de empresas da área funcional. Así mesmo, destaca que dentro destas microempresas o 69,6% das mesmas teñen entre 0 e 2 asalariados. Obsérvase polo tanto o minifundismo empresarial existente na área funcional de Santiago, onde non se modifica a tendencia existente no conxunto de Galicia.

Antes de entrar a estuda-los datos presentados por Ardán para as empresas da área funcional de Santiago no ano 2004, describense brevemente algúns rasgos fundamentais da estrutura empresarial dende o punto de vista da competitividade. Á hora de levar a cabo esta análise trátase de recoñecer nas empresas analizadas características significativas dunha alta competitividade, como alto crecemento dos ingresos, alta rendibilidade, alta xeración de riqueza ou elevada produtivididade.

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

**Empresas na área funcional na comarca de Santiago 2004: distribución segundo actividade<sup>(1)</sup>**

	Ames	Boqueixón	Brión	Santiago	Teeo	Val do Dubra	Vedra	Total comarca	Total área funcional
<b>Industrias extractivas</b>	-	1	-	5	-	-	-	2	8
Extracción de produtos energéticos	-	-	-	5	-	-	-	-	17
Extracción doutros minerais agás produtos enerxéticos	-	1	-	-	-	-	-	2	8
<b>Industrias manufactureiras</b>	49	21	13	301	54	13	25	476	1.120
Industrias da alimentación, bebidas e tabaco	6	1	-	23	11	2	10	53	185
Industria têxtil e da confección	6	9	2	30	9	3	-	59	186
Industria do coiro e do calzado	-	-	-	-	-	-	-	-	4
Industria da madeira e da cortiza	6	2	4	19	9	-	-	6	46
Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de sopores gravados	9	-	2	92	5	-	-	108	120
Coquerías, refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria química	-	-	-	1	4	2	-	1	8
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	4	2	2	14	4	-	-	1	12
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	9	2	2	49	7	5	5	79	198
Metaluria e fabricación de produtos metálicos	-	-	-	14	1	-	1	28	33
Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico	1	-	-	12	1	-	-	15	17
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	2	-	-	6	-	-	-	7	34
Fabricación de material de transporte	-	1	-	37	5	2	1	55	102
Industrias manufatureiras diversas	6	4	-	-	-	-	-	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	-	-	-	22	-	1	-	23	37
Construcción	67	25	27	383	79	21	19	621	1.509
<b>Servizos</b>									
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico	338	32	40	2.649	233	41	66	3.399	5.951
Hostalería	137	13	22	862	94	27	29	1.184	2.410
Transporte, almacenamento e comunicacions	31	2	4	317	27	4	10	395	733
Intermediación financeira	11	3	1	125	8	3	11	162	348
Actividades imobiliarias e de alquiler, servizos empresariais	2	1	-	35	5	1	-	44	89
Educación	109	5	11	783	58	4	12	982	1.437
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	9	1	-	135	8	-	1	154	218
Ottras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	11	7	-	108	23	2	3	129	191
Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	28	7	2	284	-	-	-	349	525
<b>Total</b>	454	79	80	3.360	366	76	112	4.527	8.634

(1) O Dírcice cubre todas as actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Directorio de empresas de Galicia

**Cadro 4.2.**

*Empresas da área funcional de Santiago segundo estrato de asalariados 2004*

	Arzúa	Barbanza	A Barcala	Muros	Noia	Ordes	Santiago	O Sar	Terra de Melide	Xallas	Total área funcional	A Coruña	Galicia	España (1)	
<b>Pequena e mediana empresa</b>	300	1.308	186	141	537	715	4.520	421	250	243	8.621	26.864	66.091	3.050	
<b>Microempresa</b> de 0 a 12 asalariados	263	1.145	169	126	490	607	3.907	362	234	219	7.522	23.324	57.548	2.332	
de 3 a 5 asalariados	192	789	126	89	330	419	2.734	237	165	158	5.339	16.587	40.125	1.571	
de 6 a 9 asalariados	37	234	33	30	108	117	762	78	43	40	1.502	4.472	11.507	444	
	34	122	10	7	52	71	391	47	26	21	781	2.285	5.916	317	
<b>Pequena empresa</b> de 10 a 19 asalariados	35	147	16	12	45	93	528	50	16	24	966	3.100	7.582	530	
de 20 a 49 asalariados	30	94	10	9	33	33	51	328	27	14	612	1.301	4.726	277	
	5	53	6	3	12	42	42	200	23	2	8	354	1.199	2.856	253
<b>Mediana empresa</b> de 50 a 99 asalariados	2	16	1	3	2	15	85	9	-	-	133	440	961	188	
de 100 a 249 asalariados	1	8	1	3	2	10	51	8	-	-	84	294	652	102	
	1	8	-	-	5	34	1	-	-	-	49	146	309	86	
<b>Gran empresa</b>	-	3	1	1	-	-	7	1	-	-	13	49	97	60	
de 250 a 499 asalariados	-	1	1	1	-	-	5	1	-	-	9	30	63	29	
500 ou más asalariados	-	2	-	-	-	-	2	-	-	-	4	19	34	31	
<b>Total</b>	300	1.311	187	142	537	715	4.527	422	250	243	8.634	26.913	66.188	3.110	

(1)Nas empresas con sede social "Espanha" inclúense as empresas que realizan actividades en Galicia e que teñen a súa sede social fóra de Galicia.  
Fonte: *Elaboración propia a partir de IGE, Dirección de empresas de Galicia*

Cadro 4.3.

Así, pódense distinguir os seguintes cualificadores competitivos:

• **Gacela:** empresa cun crecemento sostido dos seus ingresos de explotación por riba do 25% durante tres anos consecutivos. No conxunto de Galicia no ano 2004 existían 540 empresas con esta cualificación, sendo destacable o feito de que estas empresas no período 2002-2004 tiveron un crecemento anual dos seus ingresos de máis do 56% de media. A maior porcentaxe destas empresas está localizada no sector da construcción. Atendendo ao número de empresas por comarcas, obsérvase que estas empresas gacela localízanse principalmente nas comarcas que teñen como cabeceira a unha cidade galega destacada. Encabeza a clasificación A Coruña, con 105 empresas gacela; Vigo rexistra 87 e Santiago, Ourense e Pontevedra, 41, 35 e 34 empresas gacela, respectivamente.

Das devanditas 540 empresas gacela existentes en Galicia, 63, isto é, o 11,7%, están localizadas na área funcional de Santiago. Seis das dez comarcas que compoñen a área funcional obxecto de estudo presentan empresas gacela, destacando a comarca de Santiago, con 41, seguida a distancia pola comarca do Barbanza, con 11 (**cadro 4.4.**).

• **Alto rendemento:** empresas cunha rendibilidade económica media do 25% durante tres anos consecutivos, sen que en ningún ano dito valor se reduza por debaixo do 15%. Da mostra de empresas analizada no *Informe económico y financeiro de la competitividad. Galicia 2006* (12.994 empresas), só 276 poden considerarse como empresas de alto rendemento, das que o 34,1% pertencen ao sector servizos.

Na área funcional de Santiago están localizadas 40 empresas de alto rendemento, o que representa o 14,5% do total destas empresas en Galicia. A nivel comarcal, **cadro 4.5.**, destaca Santiago, con 27 empresas de alto rendemento, o 67,5% das existentes no conxunto da área funcional e o 9,8% das existentes no conxunto de Galicia.

• **Xeradora de riqueza:** empresas cun valor engadido elevado e crecente. No conxunto de Galicia teñen esta cualificación un total de 104 empresas, das que o 68,3% pertencen aos sectores de fabricantes, construcción e distribución por xunto. Na área funcional de Santiago, tal como se desprende do **cadro 4.6.**, existen un total de 16 empresas “xeradoras de riqueza”, o que supón o 15,4% das que disponen desta cualificación no conxunto de Galicia, representando así mesmo as citadas 16 empresas o 1,2% do total de empresas da área funcional. Esta porcentaxe é superior á existente en Galicia, onde as empresas coa cualificación de xeradoras de riqueza supoñen o 0,9% do total de empresas analizadas na mostra. Como acontece nos casos anteriores, dentro da área funcional destaca a comarca de Santiago, onde existen 13 empresas xeradoras de riqueza, o que representa o 81,3% do total da área funcional e o 12,5% das existentes no conxunto de Galicia.

• **Alta produtividade dos recursos humanos:** empresas onde o valor engadido por empregado sitúase entre o 25% dos mellores valores do sector no que se atope, ademais de crecer por riba do 10% ao longo de tres anos consecutivos. Só o 1,5% das empresas analizadas na mostra para o conxunto de Galicia teñen esta cualificación, isto é, 189 empresas, das que o 23,8% pertencen ao sector da construcción e o 21,2% ,a fabricantes. No conxunto da área funcional, **cadro 4.7.**, existen un total de 21 empresas con alta produtividade dos recursos humanos, o 11% das existentes en Galicia, destacando a comarca de Santiago, que, con 17 empresas, acolle ao 9% das empresas con esta cualificación existentes en Galicia.

• **Ben xestionadas:** empresas que presentan bons parámetros no seu cadro de mando, fundamentalmente de crecemento, rendibilidade, produtividade e liquidez. Os valores deben estar por riba da mediana do seu sector ao longo de tres anos consecutivos. No conxunto de Galicia, como se recolle no **cadro 4.8.**, existen un total de 303 empresas clasificadas como ben xestionadas, o que supón o 2,3% do total da mostra analizada, das que o 30% pertencen ao sector de distribución por xunto e o 21,2%, ao sector de fabricantes. No conxunto da área funcional de Santiago existen un total de 46 empresas clasificadas como ben xestionadas, que representan o 15,2% das existentes en Galicia. Destaca o feito

**As empresas gacela da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

Comarca	<b>Empresas gacela</b>		empresas total (nº)	empresas gacela/total (%)
	(nº)	(%)		
<b>Santiago</b>	41	7,59	829	4,95
O Barbanza	11	2,04	289	3,81
Ordes	6	1,11	144	4,17
A Barcala	2	0,37	26	7,69
O Sar	2	0,37	95	2,11
Xallas	1	0,19	58	1,72
<b>Total área funcional</b>	<b>63</b>	<b>11,67</b>	<b>1.441</b>	<b>4,37</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>540</b>	<b>100,00</b>	<b>12.651</b>	<b>4,27</b>

Fonte: Ardán: Informe económico-financiero y de la competitividad. Galicia 2006

**Cadro 4.4.**

**As empresas de alto rendemento da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

	<b>Empresas alto rdto</b>		empresas total (nº)	empresas alto rdto/total (%)
	(nº)	(%)		
<b>Santiago</b>	27	9,78	829	3,26
O Barbanza	5	1,81	289	1,73
Muros	2	0,72	17	11,76
Ordes	2	0,72	144	1,39
Terra de Melide	2	0,72	37	5,41
O Sar	1	0,36	95	1,05
Xallas	1	0,36	58	1,72
<b>Total área funcional</b>	<b>40</b>	<b>14,49</b>	<b>1.469</b>	<b>2,72</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>276</b>	<b>100,00</b>	<b>11.832</b>	<b>2,33</b>

Fonte: Ardán: Informe económico-financiero y de la competitividad. Galicia 2006

**Cadro 4.5.**

**As empresas xeradoras de riqueza da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

	<b>Empresas xeradoras de riqueza</b>		empresas total (nº)	empresas x rq/total (%)
	(nº)	(%)		
<b>Santiago</b>	13	12,50	829	1,57
O Barbanza	1	0,96	289	0,35
Ordes	1	0,96	144	0,69
Terra de Melide	1	0,96	37	2,70
<b>Total área funcional</b>	<b>16</b>	<b>15,38</b>	<b>1.299</b>	<b>1,23</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>104</b>	<b>100,00</b>	<b>11.343</b>	<b>0,92</b>

Fonte: Ardán: Informe económico-financiero y de la competitividad Galicia 2006

**Cadro 4.6.**

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

---

**As empresas con alta produtividade dos recursos humanos da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

	<b>Empresas alta produtividade</b>		empresas total (nº)	empresas alta prodvtv/total (%)
	(nº)	(%)		
Santiago	17	8,99	829	2,05
O Barbanza	1	0,53	289	0,35
A Barcala	1	0,53	26	3,85
O Sar	1	0,53	95	1,05
Terra de Melide	1	0,53	37	2,70
<b>Total área funcional</b>	<b>21</b>	<b>11,11</b>	<b>1.276</b>	<b>1,65</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>189</b>	<b>100,00</b>	<b>11.993</b>	<b>1,58</b>

Fonte: Ardán: *Informe económico-financiero y de la competitividad Galicia 2006*

**Cadro 4.7.**

**As empresas ben xestionadas da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

	<b>Empresas ben xestionadas</b>		empresas total (nº)	empresas ben xestionadas/total (%)
	(nº)	(%)		
Santiago	29	9,57	829	3,50
Ordes	6	1,98	144	4,17
O Barbanza	4	1,32	289	1,38
O Sar	2	0,66	95	2,11
Arzúa	1	0,33	45	2,22
Muros	1	0,33	17	5,88
Noia	1	0,33	81	1,23
Terra de Melide	1	0,33	37	2,70
Xallas	1	0,33	58	1,72
<b>Total área funcional</b>	<b>46</b>	<b>15,18</b>	<b>1.595</b>	<b>2,88</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>303</b>	<b>100,00</b>	<b>12.509</b>	<b>2,42</b>

Fonte: Ardán: *Informe económico-financiero y de la competitividad Galicia 2006*

**Cadro 4.8.**

**As empresas exportadoras da área funcional de Santiago: distribución por comarcas**

	<b>Empresas exportadoras</b>		empresas total (nº)	empresas exportadoras/total (%)
	(nº)	(%)		
Santiago	57	4,26	829	6,88
O Barbanza	31	2,32	289	10,73
Ordes	11	0,82	144	7,64
O Sar	9	0,67	95	9,47
Xallas	6	0,45	58	10,34
Noia	2	0,15	81	2,47
Terra de Melide	2	0,15	37	5,41
Arzúa	1	0,07	45	2,22
Muros	1	0,07	17	5,88
<b>Total área funcional</b>	<b>120</b>	<b>8,96</b>	<b>1.595</b>	<b>7,52</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>1.339</b>	<b>100,00</b>	<b>12.889</b>	<b>10,39</b>

Fonte: Ardán: *Informe económico-financiero y de la competitividad Galicia 2006*

**Cadro 4.9.**

**As empresas con certificación medioambiental da área funcional de Santiago:  
distribución por comarcas**

	Empresas con certificación		empresas total (nº)	empresas con certificación/total (%)
	(nº)	(%)		
<b>Santiago</b>	55	5,33	829	6,63
O Barbanza	17	1,65	289	5,88
Ordes	16	1,55	144	11,11
O Sar	6	0,58	95	6,32
Arzúa	5	0,48	45	11,11
A Barcala	4	0,39	26	15,38
Noia	3	0,29	81	3,70
Xallas	2	0,19	58	3,45
<b>Total área funcional</b>	<b>108</b>	<b>10,47</b>	<b>1.567</b>	<b>6,89</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>1.032</b>	<b>100,00</b>	<b>12.861</b>	<b>8,02</b>

Fonte: Ardán: Informe económico-financiero y de la competitividad Galicia 2006

**Cadro 4.10.**

de que o 63% das empresas clasificadas como ben xestionadas existentes na área funcional están localizadas na comarca de Santiago.

Ademais dos rasgos de competitividade analizados na clasificación anterior, é importante ter en conta tanto ás empresas exportadoras coma a aquelas que dispoñen de certificación medioambiental.

No que respecta ás **empresas exportadoras**, tal como se reflicte no **cadro 4.9.**, en Galicia existen un total de 1.339 de empresas exportadoras. O 46,4% das empresas exportadoras da mostra están localizadas en actividades de fabricación e o 29%, en actividades relacionadas cos distribución por xunto. No conxunto da área funcional de Santiago existen un total de 120 empresas exportadoras, o que supón o 9% da mostra de Galicia, destacando a comarca de Santiago, con 57 empresas, e a de O Barbanza, con 31 empresas exportadoras. Estas dúas comarcas acollen conxuntamente ao 73% das empresas exportadoras da área funcional analizada.

No que atinxe ás empresas con **certificación medioambiental**, o **cadro 4.10.** mostra como das 1.032 empresas da mostra con esta clasificación en Galicia, 108 pertencen á área funcional de Santiago, das que o 67% están localizadas nas comarcas de Santiago e O Barbanza.

Comparando os datos Ardán cos facilitados polo Dirce, a mostra de Ardán acolle o 26,9% das empresas da área analizada.

As 2.321 empresas seleccionadas por Ardán poden ser clasificadas en trece grupos, que, a súa vez, se encadran dentro dos catro sectores tradicionais, primario, industria, construcción e servizos. Dentro deles destaca, pola súa importancia en canto o número de empresas, o subsector de bens de equipamento (cun total de 300 empresas), o subsector agro-gandeiro (con 209) e o subsector de turismo, viaxes e ocio (con 167).

A nivel sectorial destaca pola súa importancia sobre o total o sector de construcción e obras públicas, con aproximadamente o 31,6% das empresas, seguido do sector industrial, co 26,1% e, finalmente, do sector servizos e o primario, co 22,3% e o 20% das empresas da área funcional, respectivamente.

As empresas da área funcional tiveron un emprego medio, segundo a información facilitada por elas mesmas, de 16 traballadores por empresa. Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 4.11.** amosa que o sector primario é o que presenta un maior emprego medio, con 20 empregados por empresa,

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**

*Configuración global da actividade empresarial na área funcional de Santiago 2004: distribución sectorial*

	Empresas (nº)	Ingresos (1) (en millóns de €)	V.E.B. cf (en millóns de €)	Cash-flow (en millóns de €)	Activo total (en millóns de €)	Emprego medio (2)
<b>Sector Primario</b>	465	2.082,8	303,4	100,7	1.511,2	20
Sector mar e industria	107	895,4	125,6	37,4	720,1	43
Sector agro-gandeiro	209	391,9	48,0	13,7	159,5	9
Sector silvicultura e madeira	149	795,5	129,9	49,6	631,7	19
<b>Industria</b>	606	1.589,5	324,8	99,7	1.202,2	14
Enerxía	32	143,7	58,6	37,1	407,5	12
Bens intermedios	123	397,8	74,8	24,4	239,1	16
Bens de equipamento	300	907,2	150,3	32,8	447,3	14
Bens de consumo	151	140,8	41,1	5,4	108,3	15
<b>Construcción</b>	733	1.315,1	348,0	83,1	1.616,4	15
<b>Servizos</b>	517	797,8	189,2	-11,9	1.324,1	14
Turismo, viaxes e ocio	167	143,9	53,3	12,0	158,8	11
Transportes e servizos asociados	97	153,7	43,3	12,2	103,4	13
Servizos empresariais	115	234,5	54,5	27,3	792,6	10
Comunicacións	109	175,2	-1,2	-66,9	217,9	21
Servizos relacionados coa saúde	29	90,5	39,3	3,5	51,3	26
<b>Total</b>	2.321	5.785,2	1.165,5	271,6	5.653,8	16

(1) ingresos de explotación

(2) o emprego medio calcúlase con aquelas empresas que presentan o dato do emprego

Fonte: Ardán


**Cadro 4.11.**

seguido do sector de construcción e obras públicas, con 15 traballadores, e do sector industrial e dos servizos, con 14 empregados de media en ambos casos. Unha análise máis desagregada determina que os subsectores cun maior emprego medio son o subsector mar-industria (43), os servizos relacionados coa saúde (26), o subsector de comunicacións (21) e o subsector de silvicultura e madeira (19). No extremo oposto, o menor emprego medio atópase no subsector agro-gandeiro (9), servizos empresariais (10) e turismo, viaxes e ocio (11).

Nunha primeira visión do contexto xeral da área funcional, a mostra estudiada, formada por un total de 2.321 empresas, tivo un volume de negocio no ano 2004 de 5.785 millóns de euros. O valor engadido bruto xerado por todas elas ascendeu nese ano aos 1.165 millóns de euros, mentres que o cash-flow foi de 271,6 millóns de euros.


Outra variable económica a analizar é o valor engadido xerado polas empresas dos diferentes sectores. Neste caso, o sector da construcción e obras públicas é o preponderante, acadando o 29,9% do total da área funcional, seguido do sector industrial, co 27,9%, e do primario, que acapara o 26% do total do valor engadido xerado polas empresas da área funcional no ano 2004. Para esta variable, o sector servizos sitúase co 16,2% do total xerado no conxunto da área funcional.

A análise do cash-flow (a cantidade total de recursos xerada polas empresas) reflicte que o 37,1% do cash-flow total xerado polas empresas da área funcional o está en empresas do sector primario, fronte ao 36,7%, en empresas do sector industrial e ao 30,6%, en empresas do sector da construcción e obras públicas. O sector servizos no seu conxunto presenta no ano 2004 un cash-flow negativo de 11,9 millóns de euros, debido exclusivamente ao efecto do subsector das comunicacións, que acadou un cash-flow negativo de 66,9 millóns de euros. O **Cadro 4.11.** presenta toda esta información dun xeito máis desagregado, ao tempo que os **gráficos 4.1.** e **4.2.** amosan, respectivamente, a distribución entre os catro sectores produtivos do número de empresas e do valor engadido bruto para o ano 2004 na área funcional de Santiago.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

**Gráfico 4.1.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

**Gráfico 4.2.**

Á hora de afondar na análise destes datos, resulta interesante a súa relativización en función do número de empresas, para ter así un coñecemento máis preciso sobre a configuración global da actividade empresarial. No tocante ao volume de negocio, existen dous sectores que se sitúan por riba da media da área considerada, que está en torno aos 2,5 millóns de euros. Estes sectores son o primario, con 4,5 millóns de euros de volume de negocio por empresa, e o sector industrial, con 2,6 millóns de euros de ingresos por empresa. No extremo oposto estarían o sector da construcción e obras públicas, con 1,8 millóns de euros por empresa, e o sector servizos, con 1,5 millóns de euros de volume de negocio por empresa.

En relación ao valor engadido a clasificación dos sectores mantense. Así, destaca o sector primario, que se sitúa un 30% por riba da media do conxunto da área funcional (502,2 miles de euros por empresa de media), acadando un valor engadido bruto por empresa de 652,6 miles de euros. Séguelle en importancia o sector industrial, con 536,0 miles de euros por empresa. Tanto o sector servizos como a construcción acadan valores por debaixo da media da área funcional, cunhas cifras de 366,0 e 474,8 miles de euros de valor engadido bruto por empresa, respectivamente.

Ao considerar as cifras do cash-flow, os sectores primario e industrial sitúanse por riba da media da área funcional (216,5 e 164,5 miles de euros de cash-flow por empresa, respectivamente). Pola súa banda, o sector da construcción, cun cash-flow medio por empresa de 113,4 miles de euros, está aproximadamente na media da área funcional.

A modo de resumo, para o conxunto da área funcional, son os sectores primario e industrial os que, tanto en termos absolutos como relativos, teñen unha certa hexemonía dentro do panorama empresarial da área funcional de Santiago, sen esquecer o importante peso que na área funcional ten o sector da construcción e obras públicas, namentres o sector servizos é o que amosa uns indicadores máis baixos.

A evolución das **macromagnitudes e indicadores financeiros** das empresas da área funcional de Santiago consideradas por Ardán está recollida nos **cadros 4.12. e 4.13.** Tanto o volume de negocio como o valor engadido experimentaron un crecemento en torno ao 8% no período 2003–2004. Así, o primeiro pasou de 5.332 a 5.785 millóns de euros, mentres que o segundo acadou 1.165 millóns de euros no ano 2004, fronte aos 1.071 millóns do ano anterior. Os incrementos no resultado neto do exercicio e no cash-flow foron maiores, do 23,7% e do 19,4%, respectivamente, acadando valores de 189 e 271 millóns de euros, tamén respectivamente, no ano 2004 (**gráficos 4.3. e 4.4.**).

No concernente ao balance agregado destas empresas, o seu activo total no ano 2004 acadou unha cifra de 5.653 millóns de euros. A distribución deste activo entre os catro sectores básicos dentro da área funcional de Santiago ten a característica de ser relativamente homoxéneo: así, o sector da construcción e obras públicas aporta o 28,6%, acadando 1.616,4 millóns de euros; seguido do sector primario, co 26,7% do total, que acada un activo total de 1.511,2 millóns de euros; do sector servizos, co 23,4% do activo total, acadando 1.324 millóns de euros; e, finalmente, do sector industrial, que aporta o 21,2% do activo total das empresas da área funcional, 1.202 millóns de euros no ano 2004.

En canto á evolución temporal do activo total das empresas da área funcional de Santiago, o importe acadado no ano 2004 supón un incremento respecto ao ano anterior de máis de 6 puntos percentuais, ao elevarse de 5.307,8 millóns de euros a 5.653,8 millóns no ano 2004. Especificando este incremento, a meirande parte corresponde ao activo circulante neto, que se incrementou nun 10%, mentres que o incremento do activo fixo neto foi do 2%. O importe do activo circulante neto no ano 2004 foi de 3.248,7 millóns de euros e o do fixo neto, de 2.405,1 millóns.

Asemade, no ano 2004, o balance global das empresas radicadas nesta área funcional amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo e un 24,8% do activo circulante, acadando un fondo de rotación de 805,3 millóns de euros, e financiándose o resto median-

**Actividade empresarial na área funcional de Santiago 2003-04:  
ingresos, custos e resultados**

	2003		2004		Taxa variación 04/03
	(en millones de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	(%)
<b>Ingresos de explotación</b>	5.332,83	100,00	5.785,18	100,00	8,48
Consumos e outros gastos expl.	4.261,43	79,91	4.619,67	79,85	8,41
Valor engadido bruto custe factores	1.071,40	20,09	1.165,51	20,15	8,78
Gastos de persoal	736,14	13,80	782,36	13,52	6,28
Rtdo. económico bruto de explot.	335,25	6,29	383,15	6,62	14,29
Amortizacóns	182,39	3,42	193,96	3,35	6,34
Rtdo. económico neto de explot.	152,86	2,87	189,19	3,27	23,77
Rtdo. Financeiro	-61,84	-1,16	-57,41	-0,99	-7,17
Ingresos financeiros	27,53	0,52	27,21	0,47	-1,18
Gastos financeiros	89,38	1,68	84,62	1,46	-5,32
Rtdo. de actividades ordinarias	91,02	1,71	131,78	2,28	44,78
Rtdo. de actividades extraordinarias	31,40	0,59	39,21	0,68	24,84
Rtdo. antes de impuestos	122,42	2,30	170,99	2,96	39,67
Impostos	64,67	1,21	79,25	1,37	22,54
Rtdo. neto do exercicio	57,75	1,08	91,74	1,59	58,85
<b>Cash-flow</b>	227,31	4,26	271,61	4,69	19,49

Fonte: Ardán

**Cadro 4.12.**

**Investimento e financiamento empresarial na área funcional de Santiago 2003-04**


	2003		2004		Taxa variación 04/03
	(en millones de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	5.307,81	100	5.653,82	100	6,52
Activo fixo (neto)	2.356,85	44,40	2.405,10	42,54	2,05
Gastos amortizables	25,43	0,48	21,93	0,39	-13,76
Immovilizado inmaterial	179,06	3,37	188,48	3,33	5,26
Immovilizado material	1.478,92	27,86	1.522,80	26,93	2,97
Outro immovilizado	670,49	12,63	669,87	11,85	-0,09
Outro activo fixo	2,94	0,06	2,02	0,04	-31,42
Circulante neto	2.950,96	55,60	3.248,72	57,46	10,09
Existencias	1.068,30	20,13	1.208,92	21,38	13,16
Debedores	1.484,73	27,97	1.616,96	28,60	8,91
Tesorería	257,80	4,86	277,90	4,92	7,80
Outro activo circulante	140,13	2,64	144,95	2,56	3,44
Fontes de financiamento	5.307,81	100	5.653,82	100	6,52
Financiamento permanente	3.041,60	57,30	3.210,41	56,78	5,55
Fondos propios	1.387,94	26,15	1.551,02	27,43	11,75
Recursos alxeos l/p	1.403,50	26,44	1.403,84	24,83	0,02
Ingresos distrib. en varios exerc.	250,17	4,71	255,55	4,52	2,15
Acreedores a curto prazo	2.266,20	42,70	2.443,41	43,22	7,82
Fondo de rotación	684,75	12,90	805,31	14,24	17,61

Fonte: Ardán

**Cadro 4.13.**

**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL**  
**INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA**


---



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

**Gráfico 4.3.**

---



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

**Gráfico 4.4.**

---

**Principais núcleos de localización do VEB cf. xerado polas empresas da área funcional de Santiago 2003-04**

Núcleos	2003		2004		04/03
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Santiago	481,51	44,9	525,27	45,1	9,1
Ribeira	77,38	7,2	86,51	7,4	11,8
Ames	48,35	4,5	71,93	6,2	48,8
Padrón	60,68	5,7	64,02	5,5	5,5
Boiro	59,76	5,6	59,80	5,1	0,1
Pobra do Caramiñal	43,82	4,1	48,31	4,1	10,3
Ordes	40,86	3,8	46,25	4,0	13,2
Teo	33,18	3,1	35,66	3,1	7,5
Oroso	45,31	4,2	29,94	2,6	- 33,9
<b>Total área funcional</b>	<b>1.071,40</b>	<b>83,2</b>	<b>1.165,51</b>	<b>83,0</b>	<b>8,8</b>

Fonte: Ardán

**Cadro 4.14.**

te acredores a curto prazo. O fondo de rotación no período 2003-2004 experimentou un incremento do 17,6% e os acredores a curto prazo aumentaron a súa contía no 7,8%.

Finalmente, con respecto ás fontes de financiamento permanente, o maior peso correspóndeelle aos fondos propios que, con 1.551 millóns de euros, medraron máis do 11% en relación ao ano 2003. O volume dos recursos alleos permanece praticamente inalterado, aínda que o seu peso relativo dentro do financiamento permanente cae ata o 24,8%, fronte ao 26,4% do ano 2003. Por outra banda, os ingresos a distribuír en varios exercicios aumentaron nun 2,15% en relación ao ano anterior, pasando de 250,1 millóns de euros a 255,5 millóns no período analizado.

A nivel máis desagregado e descendendo ao eido municipal, o **cadro 4.14.** recolle a clasificación dos nove concellos integrados na área funcional de Santiago más importantes en función do VEB cf xerado polas empresas localizadas en cada un deles. O concello de Santiago de Compostela concentra o 45% do VEB cf (525,3 millóns de euros). Séguenlle os concellos de Ribeira e Ames, co 7,4% e o 6,2%, respectivamente.

### **Sector primario e industrias relacionadas**

Neste apartado englobanse as actividades relativas aos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira. O estudio correspondente, que se fai utilizando os datos das consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Pesca e Asuntos Marítimos e Medio Ambiente, o IGE e mailos facilitados polo servizo de información Ardán da Zona Franca de Vigo, parte da consideración dos datos estruturais existentes a nivel comarcal, para posteriormente pasar ao estudio pormenorizado do sector dende un punto de vista económico e financeiro.

#### • Actividade agrícola

Atendendo aos datos da distribución xeral de terras na área funcional de Santiago, o **cadro 4.15.** reflicte que o 27,6% da súa superficie total corresponde a terras de cultivo (104.670 hectáreas), das que 96.950 hectáreas (o 92,3% da superficie dedicada a terras de cultivo) dedícanse a cultivos herbáceos. A importancia relativa da superficie destinada a terras de cultivo no total galego foi de 36,3%, sendo esta porcentaxe de 40,7% no caso dos cultivos herbáceos e do 13,5% no dos cultivos leñosos.

A comarca de Ordes non só é a comarca coa maior superficie dedicada a terras de cultivo, con

